- ORN Resto Operaciones Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	722.155,90
Subtotal Operacións Non Financeiras	-374.078,67
Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)	420.124,90
- Axuste 1º (criterio caixa)	0,00
- Axuste 2º (int. Devengados)	0,00
+ Axuste 3º (Operacións ptes. aplicar)	15.450,43
+ Axuste 4º (Reintegros PTE 2008)	2.340,25
+ Axuste 5º (Reintegros PTE 2009)	16.854,12
- Axuste 6 (Reintegro PTE 2013)	52.667,79
- Axuste acreedores por devolucion ingresos	13.429,34
Total Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)	494.008,15

En canto ao cumprimento **da regra de gasto**, os datos da liquidación de 2016 extraen as seguintes magnitudes:

REGRA DE GASTO	IMPORTES
Gasto computable liquidación (sen Inv. Financeiramente sostibles)	4.609.737,84
Investimentos financeiramente sostibles 2015	468.879,93
Gasto computable liquidación 2015	4.140.857,91
Tasa incremento 2016 (1,8%)	74.535,44
Gasto computable con tasa incremento	4.215.393,35
Aumentos/Disminucións permanentes recadación no 2016 *	-25.333,22
Gastos financieramente sostibles no 2016	0,00
Limite Regla de Gasto	4.190.060,13

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Gasto computable liquidación 2016	4.110.977,36
Cumprimento regra de gasto	79.082,77

O Concello cumpre coas magnitudes da estabilidade orzamentaria de regra de gasto e estabilidade orzamentaria.

O dato de débeda comercial ven pola acumulación das obrigas pendentes de pagamento tanto de exercicios pechados como do propio exercicio 2016.

	Importe
ORN pendentes de exercicios pechados	2.819,32
ORN pendentes do exercicio corrente	418.927,77
Saldo a 31/12/2016 da conta 413 (outras obrigas pendentes de pagamento)	39.808,81
Total	461.555,90

En relación co cumprimento do Plan Económico-Financeiro 2016-2017, a comparativa dos datos referidos para a liquidación 2016 son os seguintes:

	Obxectivo PEF 2016 (A)	Dato liquidación 2016 (B)	Desviación (B-A) (C)	Porcentaxe desviación (C/A)*100
Estabilidade orzamentaria	642.376,49	494.008,15	-148.368,34	-23,10%
Cumprimento regra de gasto	8.421,74	79.082,77	70.661,03	839,03%
Coefficiente endebedamento	10,29%	6,21%	-4,08%	-39,65%
Débeda comercial	251.013,37	461.555,90	210.542,53	83,88%
PMP (datos 4º Trimestre 2016) (días)	38,15	30,64	-7,51	-19,69%

Debe terse en conta antes de nada que do carácter de previsións sen validez estatística ao tratarse dunha media de datos dos últimos exercicios e non de verdadeiras proxeccións, tal e como se manifestou no informe do expediente do Plan.

En canto aos obxectivos do PEF 2016-201, analizado polo miúdo os datos anteriores pode deducirse o seguinte:

➤ **Estabilidade orzamentaria:**

O Concello superou a inestabilidade orzamentaria xenerada na liquidación no 2015 e se obtivo un superávit ou capacidade de financiamento de 494.008,15 € aínda que non se acadou o obxectivo previsto no PEF, cunha desviación en menos de 148.386,34 € (23,10 % inferior á previsión).

➤ **Regra de Gasto:**

Neste apartado o dato da liquidación é amplamente superior ao obxectivo do PEF. O incremento numérico son 70.661,03 € aínda que porcentualmente a desviación si aumenta significativamente (839,03 %).



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

➤ **Coefficiente de endebedamento:**

O dato da liquidación supón que se minorou o porcentaxe de endebedamento respecto dos DRN, si ben este dato debe analizarse con moita cautela porque non está incorporado o préstamo PAI 2016 por un importe de 212.115,86 € por non estar autorizada a obra pola administración que financia o préstamo (Deputación). Sí figura na listaxe o saldo pendente do préstamo do Viveiro de Empresas concedido polo Ministerio de Turismo Industria e Comercio por 77.640,18 e que aínda que foron recoñecidas as obrigas no 2016 foi finalmente aboado o 10 de marzo de 2017. De incorporarse o importe do PAI 2016 sobre o volume de débeda existente a 31 de decembro de 2016, a cantidade de endebedamento ascendería a 518.106,18 e un coeficiente de endebedamento do 10,51%, moi próximo ao previsto no PEF.

➤ **Débeda comercial**

Este importe empeora respecto das previsións do PEF, cun aumento da débeda de 210.542,53 € respecto do obxectivo do PEF para 2016. O porcentaxe de incremento ascende a 83,88% respecto o devandito obxectivo. En gran medida esta desviación é consecuencia da aprobación das obrigas pero no o pagamento de dous gastos, o préstamo do Viveiro de Empresas (77.640,18 €), xa comentado anteriormente, e a certificación número 3 da obra de Pistas de pádel (65.238,89 €). En conxunto estes dous gastos supoñen o 68 % do total da desviación prevista.

➤ **PMP**

O período medio de pagamento segundo os datos subministrados relativos ao cuarto trimestre de 2016 sitúase en 30,64 días, inferior a 7 días do obxectivo do PEF, polo que supón unha melloría respecto do previsto.

Consideración finais

Os datos derivados da liquidación indican que o Concello cumpre coas magnitudes da estabilidade orzamentaria de regra de gasto e estabilidade orzamentaria. Aínda que todos as magnitudes relevantes da liquidación son positivas (aforro neto, estabilidade orzamentaria, cumprimento da regra de gasto, etc), nalgúns casos preséntanse desviacións sobre os obxectivos do PEF que, a xuízo da Intervención e sen perxucio doutra opinión mellor fundamentada, impiden que se poida considerar cumprido e sen efecto o PEF 2016-2017.

Deberáse dar conta do informe de seguimento do Plan Económico-Financeiro 2016-2017 para o seu coñecemento, e remitir a devandita información á Subdirección Xeral de Operacións Financeiras e Entidades Locais, como destinatario do órgano que exerce a tutela financeira a través da Xunta de Galicia, e ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Oficina Virtual de Coordinación financeira coas entidades locais.”

A Corporación queda enterada.

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

8.-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto
2017/G003/000113	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2/17 MP (INDEMNIZACION REPOSICION MOBILIARIO PUBLICO)	00109/2017
2017/G003/000111	INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00110/2017
2017/G003/000112	INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00111/2017
2017/G003/000114	CONCESIÓN SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA	00112/2017
2017/G003/000115	CONCESIÓN DO SEGUNDO PRAZO DE EXECUCIÓN - OBRA DE NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES	00113/2017
2017/G003/000116	TRIENIOS D. A.R.F.	00114/2017
2017/G003/000117	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR-ANTICIPO DE CAIXA FIXA	00115/2017
2017/G003/000118	NOMINA DE MARZO DE 2017	00116/2017
2017/G003/000119	SOLICITUDE DE COPIA DE DOCUMENTACIÓN	00117/2017
2017/G003/000120	ARQUIVO DE EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO (EXP. 2014/U002/000010)	00118/2017
2017/G003/000121	DECLARACIÓN DE Dª. R.D.N. EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS NOUTRAS ADMINISTRACÓNS PÚBLICAS	00119/2017
2017/G003/000122	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DA ALCALDÍA NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE	00120/2017
2017/G003/000123	INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO	00121/2017
2017/G003/000124	LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONVENIO ENTRE A COFRADÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA E O CONCELLO DE CEDEIRA	00122/2017
2017/G003/000127	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A XORNADA COMPLETA	00123/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000126	DESIGNACIÓN DE ADMINISTRATIVOS CON FUNCIONS DE SECRETARÍA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS, PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL E MANTEMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO	00124/2017
2017/G003/000125	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00125/2017
2017/G003/000129	CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO	00126/2017
2017/G003/000128	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 03 2017 TC 02 2017	00127/2017
2017/G003/000130	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - MONITOR TÉCNICO DEPORTIVO	00128/2017
2017/G003/000133	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - PINTURA E DEBUXO ARTÍSTICO	00129/2017
2017/G003/000131	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA OBRADOIRO DE MEMORIA	00130/2017
2017/G003/000132	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - BAILE ACTIVO PARA A TERCEIRA IDADE	00131/2017
2017/G003/000134	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - XIMNASIA TERAPÉUTICA	00132/2017
2017/G003/000135	CONTRATACIÓN DUN PEON POLA BOLSA DE TRABALLO PARA A VACANTE CON CÓDIGO 15022PE04	00133/2017
2017/G003/000136	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE LIMPEZA EN LOCAIS MUNICIPAIS	00134/2017
2017/G003/000137	NOMEAMENTO DE L.M.B. COMO FUNCIONARIA INTERINA NO POSTO DE ADMINISTRATIVA PARA NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES	00135/2017
2017/G003/000138	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00136/2017
2017/G003/000140	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS PARA SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS	00137/2017
2017/G003/000139	ELECCIÓN SINDICAIS PERSOAL FUNCIONARIO	00138/2017
2017/G003/000141	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS RELATIVOS AO EXP. DE OBRA 46/1977	00139/2017
2017/G003/000142	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. MARZO 2017	00140/2017
2017/G003/000143	AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS A Á.F.F.	00141/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000144	CONTINUACIÓN CONTRATO DE INTERINIDADE A P.A.R.	00142/2017
2017/G003/000146	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00143/2017
2017/G003/000147	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 35/2016	00144/2017
2017/G003/000148	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 36/2016	00145/2017
2017/G003/000149	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 37/2016	00146/2017
2017/G003/000150	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 30/2016	00147/2017
2017/G003/000151	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 71/2016	00148/2017
2017/G003/000152	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS, COMISIÓN SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS - BOLSA DE TRABALLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00149/2017
2017/G003/000153	MODELOS AEAT 111, 115 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017	00150/2017
2017/G003/000154	MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 134/2017 DE 4 DE ABRIL: CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE LIMPEZA EN LOCAIS MUNICIPAIS	00151/2017
2017/G003/000155	SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITRIOS MUNICIPAIS NO ANO 2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	00152/2017
2017/G003/000156	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00153/2017
2017/G003/000157	APROBACION LIQUIDACION PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 2016	00154/2017
2017/G003/000158	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS	00155/2017
2017/G003/000160	SOLIC. SUBV. AO INEGA PARA ADQUISICIÓN DE ESTUFA DE BIOMASA - ANULADO	00156/2017
2017/G003/000161	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INEGA PARA ADQUISICIÓN DE ESTUFA DE BIOMASA	00157/2017
2017/G003/000162	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 04 2017 IR 01 2017	00158/2017
2017/G003/000159	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00159/2017
2017/G003/000163	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 05 2017 IR 02 2017	00160/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000164	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR-ANTICIPO DE CAIXA FIXA PARA RECARGA TARXETA TRANSPORTE METROPOLITANO 9870200104315258	00161/2017
2017/G003/000165	NOMINA DE ABRIL DE 2017	00162/2017
2017/G003/000166	PRORROGA DO CONTRATO DE M.B.M. COMO EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO	00163/2017
2017/G003/000167	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	00164/2017
2017/G003/000168	CADUCIDADE E BAIXA DE ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES (INE 111)	00165/2017
2017/G003/000169	SOLICITUDE CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2017	00166/2017
2017/G003/000170	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00167/2017
2017/G003/000172	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A ACTIVIDADE DE MANUALIDADES	00168/2017
2017/G003/000173	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00169/2017
2017/G003/000180	MODIFICACIÓN SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO POS+2017	00170/2017
2017/G003/000178	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE	00171/2017
2017/G003/000177	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 06 2017 GC 02 2017	00172/2017
2017/G003/000176	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00173/2017
2017/G003/000174	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00174/2017
2017/G003/000171	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00175/2017
2017/G003/000175	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00176/2017
2017/G003/000181	SOLICITUDE DE AES	00177/2017
2017/G003/000179	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 07 2017 MPI 01 2017	00178/2017
2017/G003/000182	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00179/2017
2017/G003/000183	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00180/2017
2017/G003/000184	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00181/2017
2017/G003/000185	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00182/2017
2017/G003/000186	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00183/2017
2017/G003/000187	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION - ARQUIVO DO EXPEDIENTE 69/2016	00184/2017
2017/G003/000188	EXP. DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS - ARQUIVO DO EXP. 5/2016	00185/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000190	RESOLUCION RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA	00186/2017
2017/G003/000191	CONVOCATORIA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE CATRO PEÓNS PARA SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL	00187/2017
2017/G003/000193	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00188/2017
2017/G003/000194	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00189/2017
2017/G003/000192	LEVANTAMENTO REPARO FACTURAS	00190/2017
2017/G003/000196	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00191/2017
2017/G003/000195	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00192/2017
2017/G003/000197	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00193/2017
2017/G003/000198	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00194/2017
2017/G003/000200	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00195/2017
2017/G003/000199	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00196/2017
2017/G003/000201	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00197/2017
2017/G003/000202	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00198/2017
2017/G003/000203	ASISTENCIA INTERVENTOR A CURSO FORMACION NA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	00199/2017
2017/G003/000204	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	00200/2017
2017/G003/000206	EXPEDIENTES SANCIONADORES DE MULTAS DE TRAFICO	00201/2017
2017/G003/000207	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 DE MARZO AO 30 DE ABRIL DE 2017	00202/2017
2017/G003/000208	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 08 2017 GC 03 2017	00203/2017
2017/G003/000209	APROBACIÓN DO PROXECTO DE SANEAMENTO EN CASAL DE M.E.V.R. COS PLANOS CORRIXIDOS	00204/2017
2017/G003/000205	EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 2016/P001/000005RP PROMOVIDO A INSTANCIA DE E.S.F.	00205/2017
2017/G003/000210	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00206/2017
2017/G003/000211	XUSTIFICACION DE AES CONCEDIDA NO DECRETO 169/2017 DO 27/04/2017	00207/2017
2017/G003/000212	XUSTIFICACION DE AES CONCEDIDA NO DECRETO 198/2017 DO 08.05.2017	00208/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000213	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00209/2017
2017/G003/000214	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00210/2017
2017/G003/000215	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00211/2017
2017/G003/000217	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DENTRO DO PROGRAMA PEL - CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	00212/2017
2017/G003/000216	INTERPOSICION RECURSO DE QUEIXA CONTRA O AUTO DE DATA 28.04.17 DICTADO POLO TSX DE GALICIA CON/AD SEC.2	00213/2017
2017/G003/000218	BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO	00214/2017
2017/G003/000219	NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA PARA CUBRIR NECESIDADES URGENTES E INAPRAZABLES	00215/2017
2017/G003/000220	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00216/2017
2017/G003/000221	Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local	00217/2017
2017/G003/000222	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00218/2017
2017/G003/000223	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00219/2017
2017/G003/000224	FINALIZACIÓN DOS EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	00220/2017
2017/G003/000225	APROBAR A LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, A COMISION SELECCIONADORA E A CONVOCATORIA DE EXAME PARA A FORMACIÓN DA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	00221/2017
2017/G003/000226	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00222/2017

A Corporación queda enterada.

9.-MOCIÓNS DE URXENCIA.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún asunto.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Aberto o turno de rogos e preguntas a Sra. Couto Lamigueiro di: Eu quería preguntar sobre a misteriosa gala do deporte deste ano. Si vai a haber gala do deporte, si non, porque bueno esta así todo, e non se sabe moi ben.

Sr. Vergara Quintiana: ¿Por qué e misteriosa?

Sra. Couto Lamigueiro: Porque non está anunciada.

Sr. Vergara Quintiana: Aínda.

Sra. Couto Lamigueiro: En teoría ía ser este sábado.

Sr. Vergara Quintiana: En teoría.

Sra. Couto Lamigueiro: A xente estaba informada para este sábado.

Sr. Vergara Quintiana: Non, a xente estaba informada para o día 2 a falta de confirmación.

Sra. Couto Lamigueiro: A falta de confirmación.

Sr. Vergara Quintiana: A falta de confirmación porque na última reunión que tivemos estábamos pendentes do invitado, que creemos que este ano debíamos de esperar a que nos confirmara e nos confirmou o luns entón...os clubes sabeno.

Sra. Couto Lamigueiro: O que me pregunto é si é mais importante o invitado que a propia xente de aquí. Porque hai moita xente que non pode acudir ese día a gala do deporte.

Sr. Vergara Quintiana: Non é que preguntemos.

Sra. Rodríguez Pérez: O día 2 tampouco preguntamos.

Sra. Couto Lamigueiro: ¿Cómo que non se preguntou? Sí que se preguntou, é dicir, por exemplo das un premio a unha persoa por unha traxectoria no deporte en Cedeira, esa persoa ten un voo collido para ese fin de semana e ó final cambiase, a min non me parece.

Sr. Vergara Quintiana: A persoa da que falas hai 15 días se lle dixo, non, 15 non, mais, que non collera ese voo porque estaba sen confirmar.

Sra. Couto Lamigueiro: ¿E o resto da xente non se lle avisa?

Sr. Vergara Quintiana: O resto da xente na última reunión, volvoche a dicir, se lle dixo o día 2 estaba Esteban alí, que estaba pendente de confirmar se esta persoa que estaba invitada podía vir o día 2.

Sra. Couto Lamigueiro: Pero hoxe é mércores, aínda que sexa para a semana eu creo que estaba ben anunciado.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Vergara Quintiana: ¿Anuncialo? ¿a que te refires? Anuncialo a todo Cedeira ou anuncialo ós Clubes..

Sra. Couto Lamigueiro: A todos.

Sr. Vergara Quintiana: Porque os clubes xa o saben.

Sr. Alcalde: A ver si me deixades uns minutos...

Sr. Vergara Quintiana: Os clubes o saben desde que o subemos nós.

Sra. Couto Lamigueiro: Eu o digo máis que nada porque enterouse xente de fóra antes que a propia xente das asociacións. Por un correo que se enviou que lle chegou a Esteban, podes lelo Esteban si queres para que vexan.

Sr. Blanco Garrote: A ver, antes que nada se dixo iso, se dixo que ía a ser o día 2.

Sr. Vergara Quintiana: Pendente de confirmar.

Sr. Blanco Garrote: Pendente de confirmación, iso sí, pero moitos clubes avisaronme si sabía algo da gala do deporte.

Sr. Vergara Quintiana: Avisaronte a ti.

Sr. Blanco Garrote: Preguntaronme ¿sabes algo da gala do deporte? E eu dixen, a min dixeronme...

Sr. Vergara Quintiana: Perdoa que te interrumpa, esos clubes que che preguntaron a ti estaban na mesma reunión que ti.

Sr. Blanco Garrote: Eu lle dixen falen con Nico e finalmente se cambiaba para o día 9, que o invitado non podía estar o día 2.

Sr. Vergara Quintiana: Efectivamente ¿Cándo falaste connigo?.

Sr. Blanco Garrote: O luns.

Sr. Vergara Quintiana: Pois antes non sabía nada.

Sr. Blanco Garrote: Eu falei cos demais clubes e moitos non o sabían.

Sr. Vergara Quintiana: Non o sabían cando falaron contigo.

Sr. Blanco Garrote: Claro.

Sr. Vergara Quintiana: Non se lle dixo todos á vez lóxicamente, o sabes.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Blanco Garrote: E eu preguntei a outros clubs si sabían algo. Nada máis.

Sr. Alcalde: Si me deixades un minutín solo. Este ano a gala do deporte se atrasou máis que outros anos, iso é unha realidade, creo que se tiveron bastantes reunións previas e creo que nas cales ti estiveches e se falou de todo isto.

Sra. Couto Lamigueiro: Eu non estiven.

Sr Alcalde: Non estabas, estabas noutras. Perdoa, bueno, o que fixemos é que este ano creíamos oportuno contactar cunha persoa que estivo vinculada a Cedeira, digamos fai 40 anos, por un tema de deporte que neste caso é o fútbol. Levamos desde xaneiro falando con él e a verdade é que, bueno, foron unha secuencia de acontecementos que nos levaron un pouquiño a ir ata o final, se non é o día 2 é porque, aparte de que tivo unha intervención quirúrxica fai pouco, é porque o día 2 dá a casualidade de que tamén se clasificou o Real Madrid para a final da Champions en Cádiz e él vai acudir á final, realmente nos confirmou a súa presenza este luns pasado, fai dous días. ¿que puidemos habelo feito máis rápido? Sí, se podía haber feito máis rápido.

Sra. Couto Lamigueiro: Entón, non fai quince días que avisachedelles a persoa que non collera o voo, digo eu si o sospechedelles este luns.

Sr. Alcalde: Non, non, non eu falo do invitado.

Sr. Vergara Quintiana: Non, non, ela fala dun galardonado.

Sr. Alcalde: Eu falo do invitado.

Sra. Couto Lamigueiro: Máis que nada falábamos por un correo que lles chegou tamén sobre a gala do deporte, lee se queres Esteban.

Sr. Blanco Garrote: A min mandáronme un correo os clubs, a rapaza que fai o da revista “En marcha” Pilar Cotobad, e puxo: *“Bos días son unha periodista que traballa no Boletín En Marcha no seguinte número que saerá en xuño, pensei se vos parecería ben, unha publicación monográfica e gráfica con motivo da gala do deporte que o Concello programa para o día 9 do citado mes. Eso non quita sen embargo, que si algún de vosoutros consideredes que hai temas máis importantes que teña un espazo na propia revista a espera de que vosoutros consideredes sobre como comezar o traballo de dito planeamento e outra cuestión que quería falarvos e o asunto das imaxes das fotos”*

Sr. Vergara Quintiana: ¿Qué día mandou o correo?

Sr. Alcalde: Onte, porque confirmei.

Sr. Vergara Quintiana: ¿Por qué ese correo?

Sr. Blanco Garrote: Porque puxo que desde o propio concello dinlle que eles nunca contrataron a nadie para sacar as fotos da gala e moitas grazas pola colaboración, espero ter noticias pronto.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Vale, a cousa é que a esta rapaza, xa falamos varios clubes, que tiñamos que facer nosoutros cargo da propia revista, tiñamos que facer nosoutros a redacción, programar, mandarlle as fotos e despois elas solo pegalas na revista. Falan os clubes, a ver cremos que é facer o traballo dela.

Sr. Vergara Quintiana: Para, para, non entendo que ten que ver coa gala do deporte.

Sr. Rubido Ramonde: Hai unha persoa contratada que lle paga o Concello e resulta que non quere facer o traballo.

Sr. Vergara Quintiana: E que ten que ver coa gala do deporte.

Sr. Rubido Ramonde: A ver, o contido desa revista, que antes chamábase doutra maneira, vai ser un monográfico da gala do deporte.

Sra. Rodríguez Pérez: ¿Qué ten que ver coa data?

Sr. Rubido Ramonde: Eu tamén quería facer unha pregunta, quería aclarar unha cousa.

Sr. Blanco Garrote: É que moitos clubes non sabían o cambio de data e enteraronse a través do correo.

Sr. Alcalde: Pero ti non.

Sr. Blanco Garrote: Non, non xa o dixen, por iso o luns falei con Nico e díxome iso, pero moitos clubes foi cando chamei a clubes e non sabían o cambio da data e dixéronme que non sabían nada, e foi o día seguinte que mandou o correo a da revista e foi cando se deron conta do cambio de data para o día 9. Claro, pero é que moitos clubes sabían o cambio para o día 9 e outros non.

Sra. Rodríguez Pérez: Foi un día de diferenza.

Sr. Blanco Garrote: O que non me parece ben e o da revista, o da rapaza.

Sr. Alcalde: Respecto da revista, sí que é verdade que ela non ten que poñerse en contacto cos clubes para que teñan que sacar fotos, por suposto. Pero sí que entendemos que os clubes que son entidades subvencionadas polo Concello de Cedeira, e utilizan instalación municipais, pois si que teñen que dar información ó Concello, neste caso falamos dos contidos deportivos, non falamos do tema das fotos, o tema das fotos si que non ven a conto.

Sr. Blanco Garrote: A ver, que o tema das fotos levavao eu, pero moitos clubes non están de acordo en que teñan que facer eles o traballo dela.

Sra. Couto Lamigueiro: E que ela está cobrando por iso, é o seu traballo.

Sr. Pérez Riola: Pero o contido terallo que dar o club, non vou escribir eu sobre o club de fútbol o que me dé a gana.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Blanco Garrote: Non, non, o contido si.

Sra. Couto Lamigueiro: O contido sí, pero ti non tes por qué facer a foto, enmarcala, facer o texto...

Sra. Rodríguez Pérez: Eu entendo que igual, tal e como o liches, igual querrá ter información propia de cada club, digo eu.

Sr. Blanco Garrote: Non, non, ela dixo mándanos o que queredes que salga na revista, pero o traballo fixemolo nós.

Sr. Labraña Barrero: Ahí hai unha interpretación que fago eu, ela pensou facer un monográfico da festa do deporte, se algún club ten algunha noticia, algún artigo que queira expresamente publicar, entendo que excepcionalmente di publicanos isto.

Sra. Couto Lamigueiro: Non, excepcionalmente non, porque na anterior xa foi así.

Sr. Labraña Barrero: A pregunta é ¿é habitual ou é excepcional? Hai un tema de responsabilidade que hai que aclarar.

Sr. Blanco Garrote: Cando o ano pasado levaba o tema Quique, creo que era Quique, bueno os do polideportivo, entón Quique chamaba e preguntaba o que queriamos que saíra.

Sra. Rodríguez Pérez: Claro. A idea é a que dis.

Sr. Alcalde: A ver, digamos que cando o departamento de comunicación foi contratado non iba a revista En Marcha, foi a maiores que lle dixemos que se nos podía botar unha man para que non quedase ralentizado, que sí que o tema da fotografía é algo que non compete os clubes, terá que ser alguén do concello, os concelleiros, ou a Alcaldía, ou quen sexa.

Sra. Rodríguez Pérez: Voluntariamente.

Sr. Alcalde: Bueno, está ben aclaralo.

Sr. Vergara Quintiana: Estas cousas está ben sabelas.

Sra. Rodríguez Pérez: Está ben que trouxerades isto ó Pleno.

Sra. Couto Lamigueiro: Non se trata de negarse a dar información pero a elaboración a ten que facer ela que é a que cobra por iso.

Sr. Vergara Quintiana: Pero eu o que digo desde aquí é que si xa pasou na primeira edición xa había que dicilo.

Sra. Rodríguez Pérez: Efectivamente.

Sr. Vergara Quintiana: Para que non pasara na segunda, quero dicir.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Blanco Garrote: Non é que me supoña un traballo.

Sra. Couto Lamigueiro: Pero hai unha persoa que esta contratada para iso.

Sr. Blanco Garrote: Aínda encima, mandeille as fotos e o texto aparte, e dixo que mellor as fotos debaixo e o texto encima, e mándame outras dúas fotos, e claro, a ver, eu fíxeno porque quería que saíra o fútbol, claro está.

Sr. Alcalde: Pero iso como directivos do equipo de fútbol club tedes que comunicarnos iso, non esperar.

Sr. Rubido Ramonde: Bueno, quería facer unha observación, que non se moleste, pero aquí o que houbo foi un cambio de modelo. No modelo que tiñamos primeiro, o normal é non pasarlle a imaxe porque aquí o modelo era que nosoutros tiñamos xa celebrado a gala do deporte entre xaneiro e febreiro, pero ó que vou, o cambio de modelo que fixeron vostedes, nosoutros delegábase totalmente no colectivo de deportes, das asociacións, e organizaban todo, o Concello limitábase a sufragar, eu creo que hai moito intervencionismo seu, hai moito protagonismo e escenificación o día da gala como houbo na edición anterior.

Sr. Vergara Quintiana: Pero, explíquese.

Sr. Rubido Ramonde: E nosoutros os políticos unicamente nos limitamos o que nos dicían, ti vaslle entregar este premio a este, ti a este, vosoutros facédesvos donos do escenario.

Sr. Vergara Quintiana: Eu quero que explique que pasou na edición pasada.

Sr. Rubido Ramonde: Eu estoume centrando en que hai moito intervencionismo da concellería cando antes se daba ó colectivo.

Sr. Vergara Quintiana: ¿Què quere decir con intervencionismo?.

Sr. Rubido Ramonde: Pois que cortas moito o bacalao e non deixas ós grupos de deportes organizarse por sí, como facían antes.

Sr. Vergara Quintiana: Pero qué se cambiou.

Sr. Rubido Ramonde: Creo que me estou explicando correctamente.

Sr. Vergara Quintiana: Non, ao mellor son eu que non o entendo.

Sr. Rubido Ramonde: A ver, vouno decir a inversa ¿A que nos limitabamos antes? Simplemente a financiar e a estar como invitados, a entregar trofeos a quen lle correspondía, nada máis. O colectivo de deportes encargábase de todo. É unha forma de facer máis independente o acto.

Sr. Vergara Quintiana: Quere decir que o Concelleiro de Deportes que estaba antes non interviña para nada na gala do deporte.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Rubido Ramonde: Practicamente non.

Sr. Vergara Quintiana: Practicamente, ¿a qué se refire, a que estaba o mesmo que eu nas reunións?

Sr. Rubido Ramonde: Bueno, a proba está en que levas casi seis meses e nada sen organizar.

Sra. Rodríguez Pérez : Iso é unha mentira.

Sr. Rubido Ramonde: O colectivo é suficientemente maduro.

Sr. Vergara Quintiana: Entón teño que organizalo eu ou non, porque non o entendín, ou sexa ¿teño que meterme eu ou non? Porque se di que levo seis meses sen organizar nada estame dicindo que non teño que meterme para nada. Éstase contradecendo me parece.

Sr. Alcalde: A ver, eu participei.

Sr. Vergara Quintiana: ¿A que se refire con intervencionismo?.

Sr. Alcalde: Por favor, quero aclarar, aclarar solo que si o ano pasado houbo moito intervencionismo se tiña que haber dito antes porque non foi o caso.

Sr. Vergara Quintiana: ¿Pero a que se refire? Non, Pablo.

Sr. Rubido Ramonde: Xa está, xa dixen o que tiña que dicir, antes a gala do deporte levabaa o colectivo de asociacións.

Sr. Vergara Quintiana: E agora.

Sr. Rubido Ramonde: Os políticos, que xa non íamos moitos, limitábamnos a entregar dous o tres premios e o outro ano déchelles un espectáculo de micrófonos de principio a fin.

Sr. Alcalde: Nicolás, por favor, quero intervir eu.

Sr. Rubido Ramonde: Se non nos imos poñer de acordo.

Sr. Alcalde: Este ano a gala do deporte vai similar ó ano pasado, o único o cambio do tempo que se demorou un pouquiño mais, iso é verdade. Eu participei en moitas reunións cos clubs e en todas as reunións estaba o concelleiro Esteban participando nelas e creo que todo o mundo de acordo, se lle da o protagonismo máximo que teñen que ter as entidades. O ano pasado na gala do deporte eu creo que tiveron unha intervención dun minuto e medio de presentación e non houbo ningunha intervención de ningún político máis, de ningún.

Sr. Rodríguez Pérez: ¿Entregamos algún premio?

Sr. Alcalde: Entregouse algún premio e nada máis.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Labraña Barrero: Tamén vos entregáchedes algún premio.

Sr. Rubido Ramonde: ¿O ano pasado?

Sr. Labraña Barrero: Sí, ti subiches Luis a entregar un premio.

Sr. Rubido Ramonde: Non. É unha cuestión persoal, non disfruto con esas cousas. De todas maneiras eu non entreguei nada.

Sra. Rodríguez Pérez: Pero imos a ver, son formas distintas de facer, é dicir, a cuestión que acabas de dicir que non lle gustan esas cousas. A min tampouco pero hai veces que tes que ir representando o grupo de goberno.

Sr. Rubido Ramonde: Sí.

Sra. Rodríguez Pérez: Bueno, pois xa está. Son formas distintas.

Sr. Rubido Ramonde: Non entreguei nada.

Sr. Labraña Barreiro: Non fuches, ao mellor non, falo de memoria, eu sí entreguei.

Sr. Alcalde: Seguimos cos rogos e preguntas.

Sr. Rubido Ramonde: Eu quería saber o cambio de criterio que nosoutros nas convocatorias de traballo e de contratacións temporais non cobrábamos a taxa, ¿por qué cambiaron vostedes o criterio?

Sra. López Rodríguez: Cando o SAD xa tiñan pagadas a taxa e non houbo bolsa, non chegou a haber a bolsa.

Sr. Rubido Ramonde: Se nosoutros limitábamnos sólo a convocatorias de funcionarios, que poucas houbo nos catro anos, e nada máis. Se me permite outra pregunta, no período anterior sostínamos que había tres puntos de gasto enerxético bastante excesivo, intervimos no calentamento da auga da piscina cun aforro de 40.000 euros ó ano, no campo de fútbol, a miña pregunta é se o outro edificio do centro social, si se ten pensado na próxima convocatoria do fondo de compensación facer unha intervención para baixar un pouco e facer máis eficiente o edificio.

Sr. Casal García: ¿Cal edificio?

Sr. Rubido Ramonde: O Centro social, o auditorio. É unha pregunta sobre intencións nada máis.

Sr. Casal García: Sí, si hai previsto facer, hai no momento en que se fixo unha auditoria enerxética para tratar de mellorar a eficiencia dese e dos demais centros dependentes do Concello, a intención a hai, claro que sí.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Rubido Ramonde: Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Só unha cousa, Luis, desto que acabas de comentar, dunha conversa que tivemos Camilo e mais eu que era a ver si no campo de fútbol se habían cambiado para leds pero o consumo sigue sendo semellante, é dicir pola potencia diminuíanse os focos pero realmente os que emitían aínda que foran de led consumían unha cousa similar.

Sr. Casal García: Agora mesmo non recordo, díxomo por certo Jorge, agora mesmo non recordo o que era despois do cambio.

Sr. Alcalde: Se notaba máis o cambio no Polideportivo.

Sr. Casal García: Si non había aforro apreciable pois podemos aclarar no seguinte Pleno por non falar de memoria e meter a pata.

Sr. Rubido Ramonde: Sr. Riola, volvemos a ter o casco antigo mal, ¿temos previsto facer algunha intervención?

Sr. Pérez Riola: Habrá que repasalas.

Sr. Rubido Ramonde: Digo pola responsabilidade do Concello cando haxa unha caída. Quería facer unha aclaración, tocábame facela na aprobación da acta, que vostedes fixeron unha afirmación aquí de que nosoutros habíamos editado un boletín, a min gústame o rigor, onde descalificábamos polos soldos do tripartito, que quede claro que era do partido popular, non era un boletín, vostedes están confundindo o que foi unha publicación do partido popular co boletín.

Sr. Alcalde: Home, o boletín estaba no Concello ¿verdad, señor Interventor? Estaba nos ordenadores do Concello, porque o correo electrónico chegoume a min do Concello.

Sr. Rubido Ramonde: Pero se foi impreso en imprenta, bueno voulle cambiar de nome. Unha cousa é un boletín que editaba o concello e outra cousa podenlle chamar panfleto. O panfleto que editamos nosoutros, o partido popular, é ahí donde fixemos crítica.

Sr. Alcalde: No boletín que había no Concello se falaba, se daba moita publicidade, de obras, e creo que se falaba de despilfarro do tripartito, tamén falaba de salarios, eu de salarios non recordo haber falado diso. ¿Algunha pregunta mais?

Sr. Labraña Barrero: Eu teño unha. No punto donde se fala da Casa Avelino, é unha cuestión de forma. Non sei se esa é a denominación oficial desta casa singular, deste edificio, quizá o mais importante que temos, aproveitando que está no público o cronista oficial da Vila de Cedeira que non chegou a facer unha proposta oficial pero si algunha suxerencia que ven recollida en documentos, copias de documentos, que a min me entregou, de que se lle chame ou se lle empece a chamar oficialmente Pazo de Moscoso, porque así se recolle neses documentos do século XVIII e XIX. Entón quizá sería unha unha boa decisión cambiarlle a denominación.

Sr. Alcalde: A Ver.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Labraña Barrero: Primeiro hai que saber se é oficial ou simplemente se chama así, cando eu era neno chamabase casa do cura porque era o propietario.

Sr. Alcalde: O nome que ten, o que se está utilizando agora é o nome popular, é o que aparece no proxecto.

Sr. Rubido Ramonde: E queda moi mal Casa de Avelino.

Sr. Alcalde: Pero é o nome do proxecto.

Sr. Alcalde: Ata que remate todo non se lle cambia nada porque basta que se lle cambie o nome do proxecto para que na Deputación nos poñan trabas, bautizámolo cando remate todo.

Sr. Labraña Barrero: Perfecto e ademais pódese facer un pequeno resumo da historia.

Sr. Rubido Ramonde: Señor Robustiano, imos ver, ¿cantos asistentes tivo o festival galego-portugués?

Sr. Labraña Barrero: Pois eu calculo, vendo o auditorio como estaba que ten 250 ou 220 prazas, dous días 200 e o último día pois menos, sobre 100.

Sr. Rubido Ramonde: Bueno, eu non sei se ó final vai pagar a Deputación, pero os euros son públicos, eu faría unha suxerencia, se un fai a conta, é dicir, 200 beneficiados cun gasto de 12.000 euros, hai determinados espectáculos que os hai que sacar á rúa e non poñer límite á asistencia. Imaxínense que agotaran todas as entradas e quedara xente fora, eu creo que é moi moi alto o coste por este tema, é unha suxerencia.

Sr. Labraña Barrero: Estas manexando unhas cantidades...

Sr. Rubido Ramonde: Nalgún espectáculo que tiña un alto precio e había vinte persoas vendoo e dixen isto non pode ser. Polo tanto nosoutros baixamos o coste do espectáculo. Non é unha crítica, é unha suxerencia.

Sr. Labraña Barrero: Imos ver, o formato pensouse en facelo fóra o que pasa é que por unha serie de razóns pois históricas, de tradicións, hai meses de tradición deste tipo de festivais galegos e portugueses e o mes de maio non, como era a primeira vez que se facía non sabíamos o gancho que podía ter fora do que é pois ese círculo máis ou menos reducido de xente que é seguidora deste tipo de músicas, entón era arriscarse un pouco. As expectativas eran boas e eu creo que se cubriron de sobra. Tanto dos participantes, a cantidade de xente que participou, moita dela desinteresadamente, como desde a parte do público. A mín paréceme que unha primeira edición que ía sen grandes estrelas do panorama musical, aínda que Joao Afonso si o é en Portugal, non o é aquí, paréceme que cubreu de sobra desde o punto de vista artístico e desde o punto de vista social as expectativas creadas. ¿Que o terceiro día quedou máis reducido? Bueno, pois sí, a verdade. Pero de todas maneiras non se axusta a realidade os 12.000 euros.

Sra Rodríguez Pérez: No próximo Pleno podemos traer .



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Labraña Barrero: Fíxose un orzamento máis que nada para presentarlle a Deputación, pero logo ese orzamento foise retocando un pouco a nivel interno porque se foron conseguindo algunhas rebaixas. Nalgún momento houbo que ampliar un pouco.

Sr. Rubido Ramonde: De todas maneiras, en espectáculos de alto coste non compensa porque o límite de persoas que van ter acceso a él é de 240 prazas, entónces é mellor sacalos á rúa. Nada máis.

Sr. Labraña Barrero: Ó mellor o tipo de festival, e o tipo de proposta musical, pois igual necesitaríamos un auditorio de 400 que non temos, bueno, sería máis axustado, pero bueno é unha cuestión que se vai a contemplar no futuro porque ademais o ano que ven vai ser diferente, incluso pasando polo rock, polo pop, música coral, en fin, diferentes, o formato vai ser ese e hai cousas que igual encaixan mais fóra que dentro.

Sr. Rubido Ramonde: Moitas grazas. Bueno, a risco de que me botedes a culpa, o tema das bicicletas. ¿Teñen vostedes pensado adaptar o prezo público a un prezo que dé garantías de máis éxito do sistema? A min contáronme, poden ser anécdotas, dos turistas, eu creo que sería ben estudialo, o prezo público, e baixalo, para que o sistema funcione.

Sr. Alcalde: Non o falamos pero é algo que si que lle agradezo, creo que sí que é unha boa opción, penso que, seguimos pensando que, polas inclemencias do tempo, é un servizo moi complicado incluso para dar todo o ano, imos reparar as bicicletas, imos preparar todo o servizo ben que destes tres meses do verán, e creo que igual temos que facer unha revisión de prezos para que sexa o mais asequible posible, sobre todo para que se use, e temos que replantearnos o formato, de si durante o ano nos interesa ter ese funcionamento.

Sra. Rodríguez Pérez: Máis que do prezo xa en sí é o tema do cobro, faltaba na ordenanza, se non recordo mal, o aluguer por día, e iso é algo que interesa a moita xente, por día.

Sr. Rubido Ramonde: Se tres días sae, non sei, a quince euros, deixa a bicibleta alí, pero vamos sigo pensando que lle dá un plus turístico a Cedeira. É un sistema que esta triunfando na Coruña e en tódolos sitios. O prezo público non é o adecuado.

Sra. Rodríguez Pérez: Sí, pero creo que non é só iso, creo que o problema da taxa é non cobrar por día... para poñelas en funcionamento dan uns problemas.

Sr. Alcalde: Aceptamos a proposta.

Sr. Rubido Ramonde: Ningunha pregunta máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:49 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.